

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 8 DE XANEIRO
DE 2009, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 26
DE DECEMBRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día oito de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, E e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, e dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.

Non asiste, con escusa, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

Asiste dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 25 de setembro de 2008.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo non ten ningunha obxección á acta do mes de setembro, pero di que están presentes moitos veciños que viñeron para asegurarse de que na acta do pleno extraordinario do mes de decembro se facía mención ao compromiso dos voceiros, e que sería conveniente informalos de que esa acta non se vai aprobar hoxe.

A Sra. secretaria da corporación informa de que, segundo consta na orde do día da convocatoria, só se trae a aprobación a acta correspondente ao 25 de setembro de 2008.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que el sabe que iso é así, pero que se refería aos veciños, a que era conveniente informalos de que a acta do mes de decembro non se ía aprobar hoxe.

O Sr. alcalde contesta que tan pronto como se aprobe esa acta se pasará a todos os veciños que o soliciten ou ás asociacións, tal e como o tiñan acordado, pero que non está aínda redactada. Como con todas as actas tamén se colocará no taboleiro de anuncios.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Mocións

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita que se trate en primeiro lugar a moción do seu grupo, dado que foi presentada en tempo e forma o pasado venres, mentres que a do BNG se presentou de urxencia o día de onte.

O Sr. alcalde contesta que non hai inconveniente, polo que, fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción do grupo municipal de EU-IU en apoio aos traballadores da empresa “Molduras del Noroeste, S.L.”

Rexistrada de entrada ao núm. 37 o día 3 de xaneiro de 2009, xunto cos rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“Molduras del Noroeste é unha empresa industrial da madeira situada no Concello de Cambre dende fai 35 anos, que ven precedida dunha longa historia no sector. É un dos exemplos da actividade industrial que existe no noso termo municipal e unha fonte importante de riqueza e emprego para a zona, xerando 83 postos de traballo directos e moitos máis indirectos; a maior parte deles ocupados por veciños/as do concello. Todo isto sen esquecer as distintas colaboracións por parte da empresa, con entidades preocupadas polo fomento do deporte e a cultura no noso municipio, sendo estes algúns dos motivos polos que a corporación municipal lle concedeu a medalla de ouro do concello no ano 1999.

Os actuais propietarios da empresa teñen presentado ante a Delegación de Traballo un expediente de regulación de emprego (ERE) por un período de tres meses afectando a 63 traballadores/as, sen ter presentado ante os seus representantes legais un Plan de Viabilidade suficientemente explicativo sobre as causas que o motivan, e establecendo unhas condicións económicas desfavorables para os afectados co conseguinte prexuízo económico pola perda de poder adquisitivo.

Esta decisión por parte da dirección da empresa, pon en risco a continuidade dunha parte do cadro de persoal na empresa madeireira, ademais das consecuencias negativas para a actividade produtiva no noso concello, tendo en conta a preocupante situación de emprego na comarca, cuxas cifras se incrementaron nos últimos meses.

A preocupación dos traballadores/as e, por extensión, das súas familias e da propia sociedade cambresa é grande, xerando pesimismo e incerteza na poboación, ao non existir garantías suficientes sobre o mantemento dos postos de traballo e do seu futuro na empresa.

Diante da situación que se aveciña, e a xuízo do grupo municipal de EU-IU, cómpre que o Concello de Cambre por ser a administración máis cercana á cidadanía amose a súa solidariedade cos traballadores/as, e actúe consecuentemente na procura dunha situación ao problema.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno municipal, mostra a súa preocupación polo futuro do emprego en Cambre, e manifesta o seu apoio e solidariedade aos traballadores e comité de empresa de Molduras del Noroeste, nas súas lexítimas reivindicacións en defensa dos seus postos de traballo, e na súa loita contra unha realidade cada día máis palpable na sociedade, o paro.

Segundo: Que o alcalde, no nome do pleno municipal, se dirixa aos máximos responsables da empresa e realice un chamamento ao diálogo entre as partes, co fin de acadar acordos que permitan manter a actividade produtiva deste centro de traballo e o emprego que ocupa.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación do uso do solo onde se localizan as instalacións e a fábrica de Molduras del Noroeste, S.L.

Cuarto: Así mesmo o acordo anterior será trasladado ao comité de empresa da fábrica, a propia dirección de Molduras del Noroeste, S.L, e á Delegación Provincial de Traballo”

O Sr. alcalde manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción presentada porque, como se di nela, trátase dunha empresa que naceu en Cambre, é de Cambre, e por tanto todos teñen respecto dela unha obriga prioritaria por tratarse, ademais, dunha empresa que leva a insinia de ouro de Cambre e que sempre estivo vinculada a familias de Cambre. Agardan que ese expediente de regulación sexa só por eses tres meses dos que se fala, porque baixo ningún concepto están dispostos, nin van a permitir que se mande ningunha persoa ao paro. Di que van facer todo o que se pide e todo o que estea nas súas mans, e que van a estar ao cento por cento cos traballadores.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo, como non pode ser doutra maneira, quere defender na medida das súas posibilidades os dereitos dos traballadores, sobre iso non hai ningunha dúbida. Pero di que sobre o que tampouco hai ningunha dúbida é sobre que están sufrindo unha crise, unha crise que está afectando especialmente ao sector da construción.

Di que Molduras del Noroeste tiña un cliente moi importante, que seguramente todos coñecen de ver os anuncios en televisión, “Leroy Merlin”, unha cadea de bricolaxe que está en centros comerciais de toda España. Esta cadea actualmente non lle compra a Molduras del Noroeste, senón que lle compra a unha empresa de Boiro, que está en suspensión de pagos, e que está facendo unha competencia desleal e prexudicando ao comercio. Está facendo dano non pagando aos seus provedores nin aos seus empregados, e prexudicando

a outras empresas que si cumpren relixiosamente. Por iso di que esta moción debería recoller tamén que se controle dende a Administración a competencia desleal, polas consecuencias que isto provoca.

Tamén quere dicir que no mes de novembro tivo a oportunidade de visitar todos os almacéns de madeira do norte de Portugal, Galicia, Asturias, Santander e País Vasco. Di que onde hai meses se veía en todos eles material fabricado por Molduras del Noroeste, agora mesmo é decepcionante ver que ese material non é de Molduras, senón que é dunha empresa austriaca.

Di que Molduras del Noroeste tense que subministrar nos países nórdicos, cun incremento importante no prezo da materia prima polos transportes. Di que esta empresa austriaca e alemana ten a materia prima, ten unha industria moi competitiva e está facendo un dano terrible, neste caso a Molduras del Noroeste. Por iso el quere dicir que hai que defender os dereitos dos traballadores, pero defendendo tamén á empresa, polo tanto o punto terceiro da moción, onde se di que non se reclasifiquen de ningunha maneira os terreos da empresa, eles pensan que debería ser modificado, porque di que como sabe o Sr. alcalde esta empresa solicitou no ano 2000 unha licenza de actividade que non lle foi concedida. Di que cando eles falan das licenzas de actividade, fano porque é algo moi importante. Ás veces é un freo para o desenvolvemento das actividades das empresas, e poden xerar crise como é o caso. Polo tanto, di que recualificar os terreos das empresas para solo industrial, el pensa que si se debe facer, ou polo menos contemplalo, o que non se pode é a unha empresa en crise, poñerlle trabas dende o concello.

Segue dicindo que, polo tanto, hai que defender os dereitos dos traballadores sen dúbida, que o alcalde se ten que involucrar niso, tamén sen dúbida, pero non hai que poñerlle problemas á empresa, hai que facilitarlle todo o que estea nas súas mans.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo cre que é adecuado que haxa unha unanimidade municipal en apoio dos dereitos dos traballadores desa empresa, apoiandoa. Di que, se cadra, efectivamente habería que modificar a redacción do terceiro punto dicindo que non se apartaran do uso industrial os terreos que están ocupados actualmente pola fábrica, porque aínda hai pendente unha recualificación, para ser máis exactos, e non collerse as mans con cousas que despois non se poden facer.

Di que de todas as maneiras, a xerencia da empresa será a que teña que definir a súa política comercial, e a súa política de xestión empresarial. Eles o que queren é amosar a súa solidariedade cos traballadores e coas súas familias, que pensa que é o importante. E que, dende logo, nalgún momento habería que pronunciarse tamén, porque como concello non deben estar dispostos a que haxa algún movemento de deslocalización da empresa, e que se marche a produción para outro sitio. Cre que iso é o que teñen que facer hoxe. O expediente de regulación de emprego está presentado, e se é por tres meses, ou por un tempo maior, que sexa polo mínimo posible, e que unha vez pasada a situación de crise volva a empresa ao que foi sempre, que é unha xeradora de riqueza para o Concello de Cambre e para as súas familias.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén vai apoiar a moción, coa achega que fai o concelleiro do PP, que lle parece extraordinaria.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que dende o primeiro momento en que os traballadores de Molduras del Noroeste tiveron problemas, o seu grupo púxose en contacto con eles, como é a súa obriga como grupo representativo do Concello de Cambre e da súa poboación. Di que na moción non se pon nada que non queiran os traballadores. É unha moción consensuada co conxunto do comité de empresa de Molduras del Noroeste, e por iso el agora non vai corrixir a moción, porque así foi acordada co conxunto do comité de empresa. Así que, en principio, non está disposto a cambiar o punto terceiro, porque non lle corresponde facelo a el agora, xa que foi un pacto feito cos representantes dos traballadores.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que quere insistir en que o punto terceiro di que o Concello de Cambre se compromete a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación do uso do solo onde se encontra a empresa, e que ben entendido pensa que están falando de que non se recualifique para uso urbanístico residencial, pero di que é un solo que non na súa totalidade é industrial, e que a empresa nalgunhas ocasións necesitou ampliar, e non o puido facer porque o solo non está como uso industrial. Por iso di que a súa proposta é que non se clasifique para uso residencial, que se eviten especulacións, sen ningunha dúbida, pero o uso industrial para uso da empresa pensa que é moi razoable e que os empregados non só o comprenderán senón que o apoiarán, e que non sería de tanta dificultade modificar ese punto.

O Sr. alcalde di que pensa que ese punto está ben como está porque é unha forma de condicionar á empresa para que, se non negocia a seguridade dos postos de traballo, que tampouco veña a pedir prebendas. Dicirlle á empresa que non pode facer nada se non garantiza os postos de traballo, entende que o espírito da moción é ese. Dende logo eles non van parar a reclasificación para que a empresa poida seguir producindo, pero cunhas garantías, pensa que niso teñen que estar todos de acordo, e que a moción está nese contexto.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, a moción está nese contexto e que recolle perfectamente o sentir deles e o sentir dos traballadores. Di que claro está que eles non van a poñer ningún impedimento para que a empresa se desenvolva. Como dixo o concelleiro do PP eles o que están é en contra da especulación urbanística. Non queren que eses terreos se reclasifiquen para facer o día de mañá uns adosados, e que a empresa se deslocalice e vaia para outro sitio, di que ese é o sentido da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal do BNG en condena da agresión sionista a Palestina

Rexistrada de entrada ao núm. 100 o día 7 de xaneiro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Dende hai dúas semanas a apocalipse chegou á franxa de Gaza. A potencia militar israelí descarga inmisericorde todo o seu poderío sobre un puñado de palestinos que sobreviven malamente no seu reduto territorial acosados e cercados polo bloqueo e o boicot do estado xudeu.

Era o que faltaba para rematar o catálogo de penurias e sufrimento ao que están sometidos. Sen comercio, sen alimentos e medicinas, sen poderen decidir os destinos da súa -cada vez máis reducida terra- agora teñen que soportar os bombardeos, a agresión militar, dirixida indiscriminadamente contra nenos, mulleres e vellos que teñen como pecado seren palestinos e vivir nas súas casas.

Nunha demostración abafante da negación de todos os dereitos internacionais, o matonismo substitúe á xustiza, as bombas ao diálogo e o terror contra a poboación ao exercicio do dereito. Israel está ofrecendo unha demostración práctica de en que consiste o terrorismo de estado, pois non doutra maneira se pode entender o bombardeo de escolas, de edificios da administración ou relixiosos, ou a matanza de nenos e civís de maneira indiscriminada. E por riba, sen que as vítimas poidan ser atendidas polos organismos internacionais de solidariedade.

E todo isto sucede coa lentitude ou pasividade da diplomacia internacional que cualifica eufemisticamente como “hostilidades” o que é un auténtico xenocidio.

Non hai solucións fóra do dereito, non hai saída no camiño a través do terror. O cumprimento das resolucións da ONU, o respecto ao dereito internacional e o recoñecemento da soberanía palestina son os únicos garantes dun futuro de paz no oriente medio. O Estado de Israel debe ser condenado e sancionado internacionalmente, o mundo ten que demostrar non estar disposto a tolerar por máis tempo esta situación.

Desde o noso concello podemos axuntar a nosa voz á de todos os homes e mulleres xustos do mundo que están a clamar para que remate esta vergoña. Podemos ademais dirixirnos ás nosas institucións para que se sumen na condena e na esixencia de sancións ao estado agresor.

Por iso o grupo municipal do BNG somete á consideración do pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre condena a agresión militar sionista contra Gaza, reclamando o fin de calquera operación militar e do bloqueo criminal á que o Estado israelí está a someter á franxa de Gaza.

Segundo: O Concello de Cambre insta á Xunta de Galicia a que demande do goberno español:

- a) Suspender as relacións diplomáticas e económicas co Estado de Israel.
- b) Paralizar calquera cooperación militar co Estado de Israel.
- c) Instar o cumprimento das resolucións 242 e 338 da ONU, relativas á retirada israelí dos territorios ocupados e ao dereito do pobo de Palestina ao retorno e á súa autodeterminación nacional.
- d) Promover no marco das Nacións Unidas o envío inmediato dunha misión de observación e interposición que garanta o fin da agresión e do bloqueo contra a franxa de Gaza.

Terceiro: O Concello de Cambre convocará aos veciños e veciñas á solidariedade activa con Palestina.

Cuarto: O Concello de Cambre dirixirase á representación da autoridade palestina para expresarlle a súa solidariedade e a condena da agresión que están a sufrir.”

O Sr. alcalde manifesta que por parte do PSdeG-PSOE van apoiar esta moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo quere solicitarlle ao BNG que retire a moción porque lles parece unha auténtica irresponsabilidade que se presente esa moción ante o Concello de Cambre, e que institucionalmente o Concello de Cambre se pronuncie sobre un tema moi complexo e sobre o que aínda non se pronunciou quen se ten que pronunciar, que é o goberno de España.

Di que os cidadáns, que están aquí nunha boa parte, votaron fai escasamente menos dun ano a un goberno para que exercera as competencias sobre política exterior, e o PP defendeu dende sempre que a política internacional do Estado ten que ser consensuada, e consensuada non é instar, esixir publicamente ao goberno a que retire as relacións diplomáticas e económicas cun Estado. Eles por responsabilidade pídenlle ao BNG que retire a moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, e incluso felicita que iniciativas como esta se presenten en Cambre e noutros concellos da bisbarra. Di que Cambre ten que volver a dicir, unha vez máis, non á guerra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo non vai aceptar a petición do PP. Di que é un problema da dignidade de cada quen, é un problema da dignidade das forzas políticas. Sinala que na moción non se analiza a situación do conflito de oriente medio, simplemente o que se di é que tirar bombas dende os avións, ou mísiles contra escolas, matar nenos, iso revolve a conciencia de calquera, e cre que Cambre ten demostrado, igual que o resto do país, moitas veces a súa solidariedade, a súa dignidade, e sería dende logo unha ocasión perdida, para a súa vergonza, que agora non se pronunciasen. Di que alá o PP, que a súa dignidade é a que queda en entredito, non a dos demais. Di que eles van manter a moción e agradece ao resto dos grupos municipais o seu apoio.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que non van entrar a debater un tema que consideran que non é competencia do concello, e di que os veciños de Cambre teñen moitos problemas como para que eles, políticos de Cambre, entren a debater os problemas doutros. Di que evidentemente son problemas graves e que eles rexeitan contundentemente a violencia e todo tipo de guerras, o PP de Cambre rexéitaas, pero di que este é un tema de diplomacia internacional que teñen que debater, con todas as garantías e liberdade, os representantes lexítimos de toda España, que nestes momentos son do PSOE. Cren que eles non se deben pronunciar sobre este tema e por iso solicitan a retirada da moción para non ter que pronunciarse. En caso de que se manteña, o seu voto será de abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP.

A corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

3º Informes da Alcaldía

Non foi utilizado este punto.

4º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 40 o día 5 de xaneiro de 2009.

1º Algunhas zonas do Camiño Inglés, chegando ao límite deste concello co de Carral, están intransitables tanto para peóns como para vehículos, rogamos poñan remedio a esta situación, así mesmo se xa chegou o proxecto de mellora do Camiño Inglés se nos facilite unha copia.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que se farán cargo da maleza a través da brigada, de Protección Civil ou dunha empresa.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo informa de que non hai problema en entregar unha copia dos proxectos que hai. Di que nestes momentos hai catro proxectos que contemplan a mellora do Camiño Inglés.

2º Solicitamos información da reunión do alcalde con responsables da Deputación sobre as demoras do novo acceso ao Polígono do Espírito Santo. A que son motivadas estas demoras e así mesmo o motivo de que este vial sexa utilizado como entulleira?

O Sr. alcalde contesta que había un problema de expropiación que xa está solucionado. Di que segundo o director de obras, agardan que a partir do 15 de xaneiro se inicien os traballos, e que os entullos que están botando pensa que é para buscar o firme alí.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que no pleno de agosto xa preguntaron, e o Sr. alcalde respondeu que había un problema coa expropiación e que estaba de vacacións o responsable. Di que el quería saber se xa voltara das vacacións, porque están en xaneiro e gustaríalle saber se hai un compromiso real de que esa obra vai a comezar, porque levan 8 anos con ela, e 1 ano de obras.

O Sr. alcalde di que se trata dunha obra que fai Deputación e que o que lles dixo foron as palabras da Deputación. Di que eles están presionando todo o que poden.

O Sr. Cubeiro Martínez pregunta se esas palabras as dixo o presidente da Deputación, porque a reunión que tivo o Sr. alcalde foi con el.

O Sr. alcalde contesta que lle dixeron que a semana que vén comezaban as obras.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez conclúe que entón o compromiso de que as obras comecen é do presidente da Deputación ao Sr. alcalde de Cambre.

3º Veciños da Barcala seguen queixándose polo atraso dos autobuses sobre todo a primeira hora das mañás. Que xestións se fixeron dende o concello para aumentar as liñas e a súa frecuencia?

O Sr. alcalde contesta que houbo un problema de horario á primeira hora. Estudouse a través do Consorcio mellorar as liñas que acceden a Cambre, as que veñen por Sigrás a Almeiras, as que veñen pola Barcala e Cambre. Fíxose un estudo e está pendente de aprobación para que a frecuencia non sexa de media hora, senón de 20 minutos, e volver a poñer o primeiro coche a primeira hora para que a frecuencia se poida manter cada media hora. Esas son palabras de Asicasa, agardan que pronto empece a funcionar.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 37 o día 3 de xaneiro de 2009, xunto coa moción e as preguntas.

1º O incremento do tráfico rodado e peonil nas inmediacións do colexio Portofaro, provoca diariamente continuos desaxustes na súa regulación, con conseguente risco para as persoas.

O mencionado lugar é un dos puntos máis conflictivos e de maior tráfico do concello, onde o perigo aumenta cada día, fundamentalmente polas condicións físicas, e a distribución de elementos (beirarrúas, calzada, pouca visibilidade, etc.), ademais da confluencia de varias rúas.

Os usuarios de vehículos que circulan pola rúa Coutelana, para incorporarse á Estrada Cambre-Temple, teñen serias dificultades de visibilidade tendo que asomar a parte dianteira do vehículo en exceso, e invandindo o paso de peóns.

O noso grupo solicita se realicen as xestións necesarias para a eliminación da maleza situada fronte ao colexio, e demais actuacións encamiñadas a aumentar a seguridade no lugar, co fin de dar solución aos problemas existentes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que se efectuará a roza no terreo e solicitarase que a policía e técnicos de Deputación, que é a titular desa estrada, comecen a facer un estudo da zona.

2º Na rotonda no centro do concello existen carteis de sinalización vertical, pero non se encontra ningún indicador que mostre o acceso ao campo de fútbol municipal.

O noso grupo solicita a colocación de indicadores identificando e sinalizando os accesos ás instalacións deportivas do campo de fútbol “Dani Mallo”.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que xa están encargados, non só para a rotonda, senón para o centro de saúde e o cemiterio.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se se encargaron a raíz de presentar o seu rogo, ou se xa estaban encargadas de antes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que xa hai uns sinais cerca do centro de saúde, pero que non cumpren a normativa. Vaise aumentar a sinalización.

3º Recentemente saíu publicado nos medios de comunicación unhas enquisas realizadas polo Observatorio Ocupacional da Universidade da Coruña, relativas ás campañas de dinamización do comercio local, onde se cuantificaba a opinión sobre os servizos prestados pola Concellería de Facenda, Comercio e Emprego.

O grupo municipal de EU-IU prega ao goberno se nos informe polo miúdo sobre a valoración da mencionada campaña, dos resultados obtidos, así como dos custos e gastos totais nesta promoción.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, contesta que xa lles pasaron un expediente con todos os datos solicitados, polo que cre que con iso xa está contestada a pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a documentación que lle entregaron, pero sinala que sería interesante que explicase un pouco o tema para que a xente que está presente poida coñecer como se fixeron esas enquisas e o seu resultado.

Engade que, ademais, quere facer referencia a un dos puntos que se tratan, o que se refire ao programa “Tapas en Cambre”. Di que, sen entrar no fondo da cuestión da valoración do informe que lle deu esta mañá, o concello debería predicar un pouco co exemplo, que non se pode facer unha campaña de dinamización pedindo que se consuma en Cambre, e logo que o Concello de Cambre vaia facer as ceas ao Concello de Oleiros. Pensa que hai que mercar e consumir en Cambre.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que os que foron a cear ao Concello de Oleiros foron os empregados municipais, e que a súa decisión foi libre. El, pola súa parte, obviamente, tería feito a cea en Cambre, pero o que non se pode é obrigar aos empregados a cear onde eles queiran.

Continúa dicindo que o que fan con esta enquisa é consultar a opinión dos veciños antes de tomar determinadas decisións. O que fixeron foi preguntarlles a súa opinión sobre eses temas. Di que un tema importante é a posibilidade de realizar unha feira tradicional no Temple, querían saber se os veciños estarían de acordo con iso, a resposta foi que si. Tamén preguntaron se querían a feira semanal, quincenal, mensual, , e onde a querían. A maioría das respostas foron que a querían de modo mensual, os sábados. O obxectivo da enquisa foi coñecer a opinión dos veciños para que cando fagan o seu traballo, facelo a gusto e en beneficio dos veciños, porque o seu único obxectivo é traballar para eles.

Continúa dicindo que tamén hai cousas que se fan e ás veces pode xurdir a dúbida de se o están facendo ben ou mal. Quixeron facer unha enquisa a preto de 500 persoas para saber a súa opinión. Así preguntaron, por exemplo, polo programa de Tapas de Cambre, e o 90% contestou que estaba ben, polo que van seguir co tema. Tamén preguntaron pola campaña de Nadal en Cambre, tamén lles pareceu ben. Di que esa foi a idea da enquisa.

Conclúe dicindo que entregará copia da documentación a todos os grupos para que coñezan os resultados, e que a súa idea é seguir preguntando, porque pensa que preguntando antes polas cousas poden mellorar a súa xestión. Respecto do custo da enquisa foi de 2500 euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que quere facer só unha pequena puntualización a todo o que dixo o Sr. Salcines. Di que el non se refería a que persoas foron a cear ao Concello de Oleiros, aínda que o Sr. concelleiro respondeu que foron os funcionarios nunha cea de Nadal. El quérelle corrixir dicindo que houbo unha cea bastante importante, como foi a cea do Certame de Pintura, que si foi unha cea institucional, e que tamén tivo lugar no Concello de Oleiros. El non asistiu un poco por solidariedade coa xente de Cambre, porque

pensa que no municipio hai sitios perfectamente adecuados para poder comer e cear sen ter que desprazarse a un concello veciño.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 41 o día 5 de xaneiro de 2009.

1ª En que punto se atopan os orzamentos municipais, que xa deberían estar presentados antes de finais de ano e cando pensan presentalos?

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, contesta que nestes momentos está en marcha un plan estatal no que se van incluír unha serie de obras. Unha das condicións do plan é que as obras que presente cada municipio non poden estar incluídas nos orzamentos municipais. Por iso a súa decisión foi aprobar primeiro as obras que se incluírán no plan estatal, e a continuación aprobar os orzamentos. Pensan que a semana que vén van a poder traer ao pleno a proposta de obras a incluír no plan estatal, e agardan que ao mes seguinte, se o diálogo cos grupos políticos é frutífero, poder xa traer os orzamentos.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a resposta e sinala que agardan que dentro dese plan estatal teñan preferencia as empresas de Cambre.

2ª A escola de música de Sigrás para cando está prevista a súa inauguración, vemos que os obreiros xa non están traballando nela, non obstante deixaron o peche de obra, que na entrada está roto e co conseguinte perigo que iso pode ocasionar.

O Sr. alcalde contesta que polo Convenio da construción estes días non se traballou, pero hoxe xa se reanudaron os traballos. Estaban os de Instelec terminando e agardan que, segundo dixo o técnico, a finais de mes estean as obras practicamente terminadas.

3ª Os veciños da Barcala pregúntanse para cando van a dispoñer dun servizo de farmacia tan necesario e xa prometido en varias ocasións. En que punto se atopan estes trámites?

O Sr. alcalde contesta que houbo bastantes problemas non só con esta farmacia, senón con varias en toda Galicia, e segundo o subdirector do Gabinete Xurídico, hai unha sentenza do 27 de setembro pola que estando en fase de autorización, estase estudando o informe xurídico para ver como se soluciona. En Cambre, en concreto na zona da Barcala, hai dúas

ou tres peticións e está o servizo xurídico da Consellería estudando este tema e outros moitos. Di que el está en contacto con eles e teñen que agardar a que o procedemento xurídico se leve a cabo. Non é só en Cambre, senón que é en varias das farmacias de Galicia.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 37 o día 3 de xaneiro de 2009, xunto coa moción e os rogos.

1ª Poden informarnos o responsable da área en que situación se encontran os contratos de seguros de responsabilidade civil do concello e se nos informe se se presentaron ofertas de distintas empresas?

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, contesta que actualmente a persoa responsable desta área, que é o concelleiro de Presidencia, Sr. Varela Tejedor, non está. Di que no momento en que se reincorpore pasaránlle a pregunta e contestará por escrito.

2ª Que actuacións se teñen realizado con respecto á solicitude realizada polo noso grupo, sobre a colocación dun espello visor de seguridade na intersección da estrada CP-1707 coa pista da Gándara, nos límites co Concello de Oleiros?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que se lle remitiu ao Concello de Oleiros a solicitude de EU-IU, xunto co informe da Policía Local de Cambre. A valoración que se fixo dende o Concello de Oleiros foi que colocarían o espello no seu termo municipal ao carón da casa onde a policía de Cambre indicaba que tiña que ser colocado.

Don Luis Miguel Taibo Casás solicita eficacia nesta xestión porque é moi urxente.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que así se fará e que o luns se colocará o espello.

3ª Poden explicarnos os responsables do goberno, do motivo para non sinalizar os pasos de peóns solicitados polo noso grupo en diversas comisións e plenos do concello?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que comezaron as obras en Sta. M^a de Vigo dunha senda e dunha zona para o autobús fronte o parvulario, e unha vez terminada esa obra será Deputación a que pintará as zonas de paso e a sinalización, tanto aí como na estrada de Cambre-Temple.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que lle estraña moito porque remataron as obras fai aproximadamente 15 días na estrada de Cambre-Temple, onde se puxo o beirado limitador de acceso aos peóns, e non se marcaron os pasos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que a zona está marcada e Deputación en canto remate as obras en Sta. M^a de Vigo vai pintar e sinalizar as dúas zonas.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que tamén no paso que hai na entrada á autoestrada está a sinalización vertical de paso de peóns, pero que o paso desapareceu.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que é un tema da Xunta e que a empresa quedou en vir a repintar o paso.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que non se pode estar tanto tempo sen sinalizar ese paso porque incluso hai uns días a Garda Civil chamou a atención a unha familia que cruzaba por alí, aínda que estaba sinalizado cun sinal vertical.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia